

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE A UN MEMBRO DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Feitos

Vista a petición do presidente do comité de empresa do PDI, Ramón José Muiño Boedo, do 1 de febreiro de 2024 no que solicita a substitución de Enrique Juan de la Torre Fernández como representante dos traballadores da comisión de selección encargada de resolver o concurso convocado por Resolución reitoral do 20 de decembro de 2023 para a provisión da praza 23/1042 de Profesor/a Substituto/a.

Consideracións legais e técnicas

O apartado 6.2 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno o 30 de abril de 2014), establece que formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, resolve aceptar a solicitude formulada e dispón a substitución na praza 23/1042 de Enrique Juan de la Torre Fernández por José María Mesías Lema, que foi proposto polo presidente do comité de empresa con data 1 de febreiro de 2024.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o/a interesado/a poderá interpoñer, alternativamente, un recurso de reposición ante o reitor no prazo dun mes, ou, directamente un recurso ante os xulgados do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar dende o día seguinte á recepción da notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da Xurisdición contencioso administrativa.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación do reitor (R.R. 16/01/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	iPM/zF5IdybrZNc0wrQkwA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	01/02/2024 14:09:52
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/iPM/zF5IdybrZNc0wrQkwA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

